



**Concello de Betanzos**  
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net  
<https://sede.betanzos.gal>  
correo@betanzos.net

## PROPOSTA DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: Modificación das Bases de Execución do Orzamento do 2024 relativa ás subvencións nominativa do exercicio 2025 (Expediente: 2025/T004/000003)

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Proposta do concelleiro delegado de Economía e Facenda asinada o 14 de maio de 2025
- Informe de Intervención do 15 de maio de 2025

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e o réxime de atribucións plenarias do artigo 22.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Propóñolle ao Pleno da Corporación, a ditame da Comisión Informativa permanente correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación das Bases de Execución do Orzamento co obxecto de incluír as subvencións nominativas do exercicio 2025. O apartado 5 da Base 41ª das de Execución do Orzamento quedaría redactada nos seguintes termos:

“No orzamento ao que se refiren estas bases terase dotado os créditos orzamentarios para atender as subvencións que se detallan no seguinte cadro, cuxa concesión directa deberá tramitarse conforme ao previsto nestas bases. Establécese como subvencións nominativas as seguintes:

| APLICACIÓN | NIF       | NOME                                                                       | OBXECTO                                                                       | 2025        |
|------------|-----------|----------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| 326/482.00 | G70595780 | Asociación Cultural y Deportiva Concilia                                   | Actividades educativas e extraescolares no 2025                               | 11.000,00 € |
| 334/482.00 | G15600976 | Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea                    | Promoción e difusión das artes plásticas e o arte gráfico no 2025             | 20.000,00 € |
| 433/482.00 | G15153869 | Asociación de Comercios e Empresarios de Betanzos, Centro Comercial Aberto | Funcionamento da entidade e promoción e dinamización comercial durante o 2025 | 14.000,00 € |



**Concello de Betanzos**  
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net  
<https://sede.betanzos.gal>  
correo@betanzos.net

|                                        |             |
|----------------------------------------|-------------|
| TOTAL SUBVENCÍONS NOMINATIVAS ANO 2025 | 45.000,00 € |
|----------------------------------------|-------------|

En calquera caso, a dotación orzamentaria constitúe unha mera previsión e non supón compromiso municipal esixible polas entidades citadas nin comporta dereito subxectivo algún.”

SEGUNDO. Proceder os trámites de publicidade previstos para a aprobación do Orzamento nos artigos 168 e seguintes do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa  
María Barral Varela